



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

San Gosé i-a máis María
Eles van para Belén.

Eles van canta-los reises
cantémo-los nós tamén.

Ai, devina estrela,
i-ai devina luz-e,
amostrai la cara
i-al niño Jesús-e.

San Gosé a máis María
eles van para Belén.

Eles van canta-los reises
cantémo-los nós tamén.

En tremendo día
con el mismo Dios-e
ni terás climencia
nin piadá de nós-e.

Es amante firme
Dios l' ha d' olvidar-e
i-anter de lar doce
i-a Belén lleghar-e.

San Ghosé era carpinteiro
e vendía i-as verutas
e todo canto ghanaba
metió nas boas mozas.

Era doutra maneira pero...

Aguinaldo pido,
siñora, por Dios-e
polo nacemento
del higho de Dios-e.

Canteiche os reises,
non me deches nada,
d'hox' un ano esteñas
deitada na cama.

Non me deches nada
nin siquiera cousa
d' hoxe un ano esteñas
debaixo da lousa.